



ACTIVIDADES

- Programación Sala Fernando Rey, maio 2019. Fórum Metropolitano
- Programación CGAI maio-xuño 2019
- II Maratón de Escalada. AMI, Agrupación de Montañeros Independientes
- Conferencia "Os menores ante as novas tecnoloxías: beneficios e riscos" Afundación
- RUARTE Fest. Concello da Coruña
- Festival de Artes Escénicas pola diversidade afectivo-sexual CoruFest 2019
- Axenda semanal de concertos na Coruña

BOLSAS

- Programa de mobilidade transnacional Galeuropa 2019: axudas individuais á xuventude. D.X. de Xuventude, Participación e Voluntariado

CONCURSOS

- Concurso de graffiti. Concello de Culleredo
- XIII Premio de Poesía Antonio Gala. Ayuntamiento de Alhaurín el Grande (Málaga)
- V Premio literario Nortear. Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal
- Concurso DiversimaCine. Asociación Poten100mos
- Concurso de cómic manga. Norma Editorial
- XIII Premio de composición musical "Andrés Gaos". Deputación Provincial da Coruña
- IV Concurso de música infantil e xuvenil "Quero Cantar". Deputación Provincial da Coruña

ACTIVIDADES

Programación Sala Fernando Rey, maio 2019

A sala Fernando Rey do Fórum Metropolitano presenta en maio o ciclo de cinema francés "Claudel 2 / Cantet 4 / Ozon 3"

CANDO:

- 2, 3 e 4 de maio: **Antes do frío inverno**, de Philippe Claudel (Francia, 2014). VOS en castelán. NRM 12 anos
- 9, 10 e 11 de maio: **Silencio de amor**, de Philippe Claudel (Francia, 2011). VOS en castelán. Todos os públicos
- 16, 17 e 18 de maio: **Entre os muros**, de Laurent Cantet (Francia, 2008). VOS en castelán. Todos os públicos
- 23, 24 e 25 de maio: **Cara o sur**, de Laurent Cantet (Francia, 2006). VOS en castelán. NRM 18 anos
- 30 e 31 de maio e 1 de xuño: **Foxfire**, de Laurent Cantet (Francia, 2012). VOS en castelán. NRM 16 anos

HORARIO: xoves e venres ás 20.30 h. e sábados ás 17.30 e 20.30 h.

*agás "Entre os muros" e "Foxfire": únicos pasaxes xoves, venres e sábado ás 20.30 h

PREZO:

- 3 € (+65 anos, persoas desempregadas o carné xove, 2 €)
- Abonos 5 películas: 12 €
- Sesión do espectador (sábados ás 17.30 h.): 1.50 € (prezo único)

Venda de entradas:

- en despacho de billetes: ½ hora antes de cada función

- anticipada: na conserxería de Fórum (de luns a venres de 9 a 14 e de 16 a 20 h, e sábados de 10 a 13 h)

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

Web: www.coruna.gal/cultura



Programación CGAI maio-xuño 2019

O CGAI programa os seguintes ciclos de cinema para os próximos dous meses:

No ciclo "**Premios Mestre Mateo 2019**" proxecciónanse algúns dos traballos gañadores da XVIIª edición dos Premios Mestre Mateo e homenaxeará a figura dun pioneiro do cine galego, o produtor Víctor Ruppén cunha escolla das primeiras curtametraxes galegas rodadas en 35 mm.

Un ano máis o CGAI será unha das sedes da **Mostra de Cinema Periférico [S8]**, que celebra a súa 10ª edición a principios de xuño.

O ciclo "**John Cassavetes e o New American Cinema Group**", que abrangue as nove películas máis persoais de John Cassavetes e tres sesións de curtas e longametraxes do ciclo sobre o New American Cinema Group organizado por Filmadrid e comisariado por Olaf Mölle

O ciclo "**Esenciais**" adicado ao actor **James Dean**

A 2ª parte de "**Vai e Vem: carta branca a Chema Prado**", un tributo ao ex director da Filmoteca Española Completando a programación, as habituais seccións "**Desencadres**", "**Fóra de serie**", "**Pensando en cine / Pensando en Galicia**", "**Off Galicia**" e "**Cgai Júnior**"

CANDO: do 02/05/2019 ao 29/06/2019

PREZO:

- Xeral: 1,20€
- Carné Xove: 0'60€
- Abono para 10 sesións: 9€

*as sesións gratuítas notificaranse no programa

LUGAR / INFORMACIÓN:

CGAI

Rúa Durán Loriga, 10-baixo (15003 - A Coruña)

Tel. 881 881 270 correo-e: programacion@cgai.org

Web: www.cgai.org

*Arquivo: [programación completa .pdf \(578 KB\)](#)



ACTIVIDADES

II Maratón de Escalada de AMI

A Asociación de Montañeiros Independentes (AMI) organiza a II maratón de escalada de bloque, para a que contarán coa presenza de Alex Txikon e Finuco Martínez, dúas personalidades que teñen feito moito polo mundo vertical.

Haberá 25 bloques de todos os niveis, supervisados por Carlos Catari para que todo o mundo poida disfrutar

CANDO: 11/05/2019

HORARIO: de 17:00 a 19:00 h

LUGAR:

Sala de Bloque da AMI

R/ Padre Sarmiento, 8 baixo-esq. (15005 - A Coruña)

REQUISITOS: inscrición previa en <http://amimontanismo.es>

PREZO:

- Socios: 5 €
- Non socios: 10 €

MÁIS INFORMACIÓN:

AMI, Agrupación de Montañeiros Independentes

R/ Padre Sarmiento, 8-baixo esq. (15005 - A Coruña)

correo-e: info@amimontanismo.es

www.facebook.com/amimontanismo

Web: <http://amimontanismo.es>



Conferencia "Os menores ante as novas tecnoloxías: beneficios e riscos"

A sede Afundación da Coruña acolle este mes, dentro do ciclo Educación S.XXI, a conferencia "Os menores ante as novas tecnoloxías: beneficios e riscos", impartida por José Torres, experto en seguridade e privacidade nas TIC

CONTIDOS:

- Telefonía móbil: seguridade nos dispositivos, protección da información
- Xeolocalización e redes wifi
- Mensaxaría instantánea móbil: Whatsapp, Telegram, Snapchat etc.
- Ciberacoso: tipos. Diagnóstico, tratamento e prevención do ciberacoso
- Protección da intimidade
- Redes sociais
- Videoxogos
- Tecnoadición
- Responsabilidade dos menores e a súa protección

CANDO: 23/05/2019

HORARIO: 19.00 h.

PREZO: entrada gratuíta ata completar a capacidade (retirar previamente invitación en <https://entradas.ataquilla.com>)

LUGAR / INFORMACIÓN:

Sede Afundación A Coruña

Cantón Grande, 8 (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 185 060

correo-e: socioculturales@afundacion.org

Web: www.afundacion.org



ACTIVIDADES

RUARTE Fest

Nace RUARTE Fest, unha xornada dedicada ao arte na rúa organizada pola Concellaría de Medio Ambiente que terá lugar o domingo 19 de maio na contorna da zona peonil da rúa Orzán na Coruña. Nun só día diferentes artistas intervirán nos comercios do barrio, entre persianas, portas e paredes, a través de creacións pictóricas nunha festa ao aire libre na que haberá tamén actividades para todas as idades

CANDO: 19/05/2019

HORARIO: de 10.00 a 20.00 h.

LUGAR: zona peonil da Rúa Orzán
(15003 – A Coruña)

MÁIS INFORMACIÓN:

Ruarte Fest

correo-e: ruartefest@gmail.com

www.facebook.com/corunasostible

Web: <http://ruarte.coruna.gal>



CoruFest 2019

Chega a edición 2019 do CoruFest, o Festival de Artes Escénicas pola diversidade afectivo-sexual

CANDO: do 09/05/2019 ao 12/05/2019

PROGRAMA:

- **9 de maio na Fundación Seoane:**
 - ás 20.30 h.: concerto de "*Barba Inguinal*", a banda de reguetón feminista creada por integrantes de A panadaría
 - ás 21:45 h.: proxección da película "*Introducing The Star*", un proxecto de Pablo Esbert e Federico Strate que mestura o documental e a ficción.
- **10 de maio ás 20:30 h. no Teatro Colón: "*Miguel de Molina. El Musical*",** un espectáculo no que Ángel Ruiz se transforma en Miguel de Molina, o xenio da copla (premio MAX á mellor interpretación masculina)
- **11 de maio no Teatro Colón:**
 - ás 20.00 h.: representación da peza de microteatro "*Closest*"
 - ás 21.00 .h.: concerto de "*Putochinomarcón*", o músico e activista migrante de orixe chino Chenta Tsai Tseng
- **12 de maio ás 20.30 h. no Teatro Rosalía:** "*Generation Why*", novo espectáculo da compañía madrileña Teatro En Vilo

PREZO:

10 €/día, agás o 9 de maio na Fundación Seoane, que será entrada libre ata completar aforo

Reserva de entradas en corufest@gmail.com

MÁIS INFORMACIÓN:

CoruFest

correo-e: corufest@gmail.com

www.facebook.com/corufest



ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Pazo da Ópera. Glorieta América (15004 - A Coruña)

www.palaciodelaopera.com

venres 10 ás 20.30 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA**. Entrada: de 11€ a 27,50€

sábado 11 ás 20.30 h.: **ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA**. Entrada: de 11€ a 27,50€

domingo 12 ás 12.15 h.: **BANDA MUNICIPAL**. Entrada: gratis

Museo de Belas Artes. R/ Zalaeta, s/n (15002 – A Coruña)

<http://museobelasartescoruna.xunta.gal>

sábado 11 ás 12.00 h.: **ENSEMBLE BARROCO** (cuarteto de cordas Arbitrium). Entrada: gratis

Coliseum. R/ Francisco Pérez Carballo 2 (15008 - A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

sábado 11 ás 21.30 h.: **LEIVA**. Entradas: desde 25€/28€

A Repichoca. R/ Orillamar, 13 (15002 – A Coruña).

www.facebook.com/arepichoca.orillamar

venres 10 ás 22.00 h.: **WILLIE & WINNIE**. Entrada: gratis

Sala Mardi Gras. Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

venres 10 ás 22.30 h.: **EZETAERRE**. Entrada: 6€

sábado 11 ás 13.00 h.: **EXIT**. Entrada: gratis

sábado 11 ás 22.30 h.: **RICKY HOME LIBRE**. Entrada: 8€/10€

Bâbâ Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

xoves 9 ás 21:30 h.: **FOLERPA DE SON** (versións 80). Entradas: 5€

venres 10 ás 22.00 h.: **JAM SESSION**. Entradas: 5€

sábado 11 ás 22.00 h.: **BIG MENÚ**. Entradas: 10€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

xoves 9 ás 22.30 h.: **GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND**. Entrada: 12€

venres 10 ás 22.00 h.: **MABU**. Entrada: 12€

sábado 11 ás 23.00 h.: **SON DE CAMAGÜEY**.

Entrada: 9€

domingo 12 ás 17.00 h.: **OS SUPERHEROES**.

Entrada: 4€ (nenos) / 8€ (adultos)

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

venres 10, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **IÑIGO RUIZ CUARTETO**. Entrada: 8€

sábado 11, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **FIVE COINCIDENCES JAZZ QUINTET**. Entrada: 8€

mércores 15, pases ás 22.00 e 23.00 h.: **GROVE REVOLUTION JAM**. Entrada: 8€

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

xoves 9 ás 22.00 h.: **LA DAME BLANCHE**. Entrada: 10€/14€

venres 10 ás 22.00 h.: **ALFRED GARCÍA**. Entrada: 31€

sábado 11 ás 22.30 h.: **NIÑA COYOTE ETA CHICO TORNADO**. Entrada: 12€/15€



Programa de mobilidade transnacional Galeuropa 2019: axudas individuais á xuventude

A Consellería de Política Social convoca as axudas do programa Galeuropa para proxectos de mobilidade transnacional dirixido á mocidade para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas en algún dos seguintes países europeos:

Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, P. Baixos, Polonia, Portugal (Azores e Madeira incluídos), R. Checa, R. Unido, Romanía e Suecia

CANDO: o período de realización das prácticas formativas será de mínimo de 2 meses e máximo 3 meses consecutivos (rematará en todo caso o 30 de novembro de 2019)

INSCRICIÓNS: ata o 29 de maio de 2019

A presentación de solicitudes poderá facerse por vía telemática (sede electrónica da Xunta de Galicia: [procedemento:BS324A](http://procedemento.BS324A)) ou en soporte papel.

REQUISITOS:

- Beneficiarios: mozos e mozas individualmente, inscritos no [ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil](http://ficheiro.do.Sistema.Nacional.de.Garantía.Xuvenil)* no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que teñan un mínimo de 18 anos e menos de 30 anos.
 - *Requisitos de inscrición no ficheiro do SNGX:
 - Ter menos de 30 no momento de solicitar a inscrición do ficheiro.
 - Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
 - Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
 - Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
 - Para inscribirse no SNGX: <https://garantiajuvenil.sepe.es/nuevaSolicitud>
- Os requisitos establecidos, agás o de idade, deberán cumprirse no momento da selección das persoas que participarán nas mobilidades.
- Obrigas: buscar pola súa conta a empresa/entidade pública ou privada para a realización das prácticas (mínimo de 2 meses e máximo de 3 meses) e dispoñer dos seguros de accidentes e de responsabilidade civil necesarios para facer as prácticas, así como da tarxeta sanitaria europea ou seguro médico que dean cobertura equivalente durante o período de duración das mobilidades

DOTACIÓN: a contía económica dependerá do país de destino, e cubrirá apoio lingüístico (150€), viaxe de ida e volta ao país de destino, aloxamento e manutención

MÁIS INFORMACIÓN:

D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado

Edif. Adm. San Lázaro, 3º andar

15781 - Santiago de Compostela

Tel.: 981 544 645 / 981 544 85 / 981 545 937

correo-e: galeuropain-garantiajuvenil@xunta.es

Web:

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/16736-galeuropa-2019>

PUBLICACIÓN: [DOG 29/04/2019](http://DOG.29/04/2019)

Programa
de Mobilidade
Transnacional
Xuvenil
GALEUROPA



CONCURSOS

Concurso de graffiti de Culleredo

O Centro Municipal de Información Xuvenil de Culleredo convoca o Concurso de Graffiti 2019 destinado a mozas/os de 14 a 30 anos. Os bocetos gañadores pintarán un mural colectivo os días 18 e 19 de maio. O fallo do xurado farase público o 15 de maio nas redes sociais do CIPAX.

INSCRIPCIÓNS: do 06/05/2019 ao 15/05/2019

As solicitudes e bocetos entregaranse en papel na Casa da Xuventude Pablo Picasso (R/ Antonio Machado, s/n. O Burgo - Culleredo) ou por email a cipax@culleredo.es

REQUISITOS:

- Poderá participar mocidade entre 14 e 30 anos en dúas categorías: AMATEUR (para principiantes) e PRO (para xente con algo de experiencia).
- A participación pode ser individual ou grupal (mínimo 2 integrantes e máximo 4).
- Para participar haberá que preetar a folia de inscrición cuberta (*dispoñible no Facebook do CIPAX ou na Casa da Xuventude Pablo Picasso*) e un boceto detallado e a cor, en soporte papel ou cartulina en tamaño DINA4, indicando en lapis na parte trasera o pseudónimo/crew co que participa:
 - para a categoría PRO haberá que presentar fotografías de graffitis realizados con anterioridade
 - haberá 2 modalidades de bocetos: PEZAS (letras de graffiti) e KEKOS (muñecos e debuxos)
 - os bocetos serán orixinais e inéditos, e non se admitirán traballos con contidos obscenos, xenófobos, sexistas ou calquera outro que atente contra a dignidade das persoas.

PREMIO:

- Realización das obras seleccionadas en 2 murais colectivos, un por categoría, no lugar e horario indicados pola organización
- As/os seleccionados recibirán un lote de sprays para realizar da obra
- Todas as obras do concurso aparecerán nun catálogo editado polo Concello de Culleredo do que cada participante recibirá 2 copias

MÁIS INFORMACIÓN:

Centro de Información Xuvenil de Culleredo (CIPAX)

Tel.: 981 654 588 / 620 008 450

correo-e: cipax@culleredo.es

www.facebook.com/xuventude.culleredo

Web: <http://www.culleredo.es>

*Arquivo: [bases convocatoria .pdf \(757 KB\)](#)



XIII Premio de Poesía Antonio Gala

O concello de Alhaurín el Grande convoca a XIII edición do Premio Internacional de Poesía Antonio Gala, un dos premios literarios máis destacados de España, tanto pola súa dotación económica, como polo prestixioso xurado que se encarga de valorar os traballos.

INSCRIPCIÓNS: ata o 31/05/2019

REQUISITOS:

- Mozos/as de entre 18 e 35 anos, con obras escritas en castelán, inéditas e non galardoadas anteriormente.
- As obras terán un mínimo de 500 e deberán presentarse a ordenador, en tipo de letra Times New Roman, tamaño 12, escritas por unha soa cara, grapadas ou encadernadas. Enviaranse por triplicado e na portada só deberá constar o título da obra e un lema ou pseudónimo que elixa o autor.

PREMIO: 6.000 € á obra gañadora

MÁIS INFORMACIÓN:

Ayuntamiento de Alhaurín el Grande

Avda. Gerald Brenan, 20 (Edif. Biblioteca Municipal)


29120 - Alhaurín el Grande (Málaga)

Tfno.: 952 59 55 99

Mail: premiosliterarios@alhaurinelgrande.es

Web: <https://alhaurinelgrande.es/cultura>

*Arquivo: [Bases completas \(173 KB\)](#)



CONCURSOS

V Premio literario Nortear

A Dirección Regional de Cultura do Norte, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal convocan o premio literario Nortear, Novos Escritores Norte de Portugal-Galicia

INSCRIPCIÓN: ata o 28/06/2019

REQUISITOS:

- Persoas nadas e/ou empadroadas na Rexión Norte de Portugal ou en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 36 anos.
- O premio literario versará sobre o xénero de relato curto.
- Aceptaránse obras orixinais e inéditas, escritas en portugués e galego, presentadas nunha copia en papel e acompañadas dun exemplar en formato dixital (Word, Pdf, Open Office ou formato aberto)
- As obras irán asinadas baixo pseudónimo, presentadas en formato A4, paxinado e procesado a espazo 1.5, letra tipo Times New Roman, tamaño 12. O orixinal debe ter como mínimo 5.000 palabras e como máximo 8.000

PREMIO: 2000 €

As entidades promotoras comprométese a asumir o custo da publicación dun mínimo de 500 exemplares da obra premiada, en edición bilingüe, portugués e galego

MÁIS INFORMACIÓN:

Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal


Edificio CETMAR. Rúa Eduardo Cabello, s/n (36208 – Vigo)

Tfno.: 986 135 126

Mail: arodrigues@gnpaect.eu

Web: www.cultura.gal

* Arquivo: [Bases completas \(148 KB\)](#)



Concurso DiversimaCine

Certame de documentais e curtas sociais, que organiza a Asociación Poten100mos.

O Festival Diversimacine forma parte da Plataforma Diversidarte e enmarcase dentro da celebración do Festival Diversidarte que se celebrará durante o mes de setembro na cidade da Coruña.

INSCRIPCIÓN: ata o 31/07/2019

REQUISITOS:

- Poden participar colectivos, ONG, produtoras e/ou realizadores individuais de calquera nacionalidade, cultura ou relixión. Admitiranse máximo 2 curtametraxes por participante.
- As obras presentadas non poderán superar os 30 minutos de duración, poderán presentarse en calquera lingua pero obrigatoriamente subtitulados o castelán ou galego.
- As obras deberán tratar algunha destas temáticas: - Perspectiva de xénero - Diversidade sexual (LGBTIQ+) - Diversidade funcional - Migracións, refuxiados e exclusión social
- Os traballos e a documentación (véxase [bases completas](#)) enviaranse por correo postal certificado á Asociación ou ao e-mail da temática na que se encadre a obra presentada:

diversidarte-xenero@poten100mos.org

diversidarte-lgbtqi@poten100mos.org

diversidarte-funcional@poten100mos.org

diversidarte-exclusion-social@poten100mos.org

PREMIOS: 4 premios de 250€, un por cada bloque temático.

MÁIS INFORMACIÓN:

Asociación Poten100mos


Costa da Unión (15005 - A Coruña)

Tfno.: 625 12 62 35

Mail: info@poten100mos.com

WEB: <http://poten100mos.org/diversimacine>

**PLATAFORMA
DIVERSIDARTE**



ARTE INCLUSIVO

CONCURSOS

Concurso de cómic manga, Norma Editorial

NORMA Editorial convoca este concurso cuxo obxectivo é presentar unha idea para o posterior desenvolvemento dun manga de 160 páxinas. Este volume presentará unha historia autoconclusiva. Deberá conter uns protagonistas con carisma e ben definidos.

INSCRICIÓNS: ata o 25/08/2019

REQUISITOS:

- Poderán presentarse candidatos con calquera nacionalidade e idade con traballos orixinais e inéditos, non presentados a ningún outro certame ou feito públicos
- A temática, estilo e xénero son totalmente libres. Pode empregarse calquera técnica creativa, pero a obra será en branco e negro e debe estar entintada e cunha rotulación lexible. Non se aceptarán traballos a lapis ou a cor
- Pódense presentar un máximo de 3 obras por autor, a título individual ou formando parte dun colectivo ou grupo de autores.
- As páxinas deben estar debuxadas a un tamaño proporcional a 11,5 x 17,5 cm (tamaño de impresión final), sendo ilimitado o tamaño máximo do bosquejo ou debuxo orixinal, pero limitado a 23 x 35 cm (máis 4 mm de sangría) como máximo para o documento entintado e tramado
- Os proxectos poden presentarse en formato físico (papel) ou dixital (*non deben enviarse os orixinais*)

PREMIO: un contrato de edición para completar a obra nun total de 160 páxinas publicada por Norma Editorial (que contemplará un anticipo 3.000 €)

MÁIS INFORMACIÓN:

NORMA Editorial

Passeig de Sant Joan, 7 (08010 Barcelona)

Tfno.: 933 03 68 20

concursomanga@normaeditorial.com

Web: www.normaeditorial.com/concursomanga



XIII Premio de composición musical "Andrés Gaos"

Coa finalidade de recoñecer o nome de tan insigne músico e compositor coruñés e acrecentar a gran tradición musical da nosa provincia, a Deputación da Coruña convoca o Premio de Composición Musical "Andrés Gaos".

INSCRICIÓNS: ata o 05/06/2019

REQUISITOS:

- Poderán participar persoas, de calquera nacionalidade, que non obtivesen o premio nas 5 edicións anteriores, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade.
- As obras serán de tema e extensión libres.
- O persoal orquestral máximo para a execución das obras será a seguinte: 14 violíns I / 12 violíns II / 10 violas / 9 violoncelos / 6 contrabaixos / 3 frautas / 3 oboes / 3 clarinetes / 3 fagotes / 4 trompas / 3 trompetas / 3 trombóns / 1 tuba / 1 timbal + 3 percusionistas / 1 arpa / 1 piano / Poderá utilizarse un solista vocal ou un solista instrumental.

PREMIOS: único premio de 6.500 €.

MÁIS INFORMACIÓN:

Deputación da Coruña

Avenida Porto, 2 (15003 - A Coruña)

Tfno: 981 080 319

Correo-e: deputacion@dacoruna.gal

Web: www.dacoruna.gal/cultura/premios

PUBLICACIÓN: [BOP 15-03-2019](#)



CONCURSOS**IV Concurso de música infantil e xuvenil "Quero Cantar"**

A Deputación Provincial da Coruña convoca o III premio de música infantil "Quero Cantar", coa intención de promocionar e difundir o uso da lingua galega, e a creatividade poética e musical.

INSCRICIÓNS: ata o 15/10/2019 ás 14:00 h.

REQUISITOS:

- Poderá participar calquera grupo ou solista de ámbito galego que presente e interprete unha composición con letra e música orixinais e inéditas e que estean formados por rapaces e rapazas de acordo coas seguintes categorías:
 - Categoría A. Infantil: ata 12 anos. Nº máximo de compoñentes: 12 (*permítese que, incluídas no límite de 12 participantes, haxa unha persoa que supere o límite de idade*)
 - Categoría B. Xuvenil: de 13 a 16 anos. Nº máximo de compoñentes: 12 (*tamén se permite unha persoa que supere o límite de idade, aínda que nunca podería pertencer ás as voces solistas, nin formar parte do coro se este fose o intérprete principal do tema*)
- Documentación e material a presentar:
 - Maqueta da composición en formato audiovisual (Mp4) ou só audio (Mp3, WAV, ou Ogg Vorbis), coa música orixinal e inédita, letra orixinal e en galego, e a peza non pode estar incluída no rexistro da Sociedade Xeral de Autores (SGAE)
 - Relación de compoñentes do grupo e descrición das necesidades técnicas e de escenario.
 - Breve biografía do grupo e documento de aceptación das bases e de cesión de dereitos de imaxe.

PREMIOS:

- 5 primeiros clasificados en cada categoría: gravación en estudio do canción e edición no CD denominado *Quero Cantar 18* (un cd por categoría).

Premios da Gala final:

- 1º clasificado en cada categoría: gravación dun videoclip da canción gañadora + material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, téxtil, xogos...) por valor de 1.500 €.
- 2º clasificado en cada categoría: Material musical e/ou produtos culturais en galego por valor de 1.000 €.
- 3º clasificado en cada categoría: Material musical e/ou produtos culturais en galego por valor de 500 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Deputación Provincial da Coruña

Avenida do Porto, 2 (15003 - A Coruña)

Tif. 981 080 319

Correo-e: deputacion@dacoruna.gal

Web: www.dacoruna.gal/cultura/premios

PUBLICACIÓN: [BOP 15-03-2019](http://www.dacoruna.gal/bop)

